

MINISTERIO para la Transformación Digital y Función Pública

Comisión Paritaria do IV CUAGE

26/03/2024

Actas.

Apróbase a Acta nº 64 coas alegacións presentadas por CIG

Complementos.

Presentan expedientes presentados polos seguintes ministerios:

MPT, non se aproba por informe desfavorable de costes, non hai financiación ademais de non cumprir cos criterios para asignación dos complementos que se propoñen

Defensa, apróbanse os dous expedientes, desde CIG solicitamos información sobre a financiación dos complementos que se suprimen, xa que supón máis cartos que os que se van a gastar nos novos complementos que se asignan, non sabemos se nos van a contestar, tamén solicitamos que se nos aclare por parte da Presidencia se este modelo de amortización de complementos de postos para crear novos complementos vai a ser aceptado en todos os casos para de ser así, informar a todas as Subcomisións da posibilidade de esta financiación, tampouco se nos contestou.

Ofertas de Emprego.

Informase de que é interese de Función Pública acumular as ofertas dos anos 2021 e 2022 pero que debe de ser unha decisión de todos os ministerios, polo que están tratando esta cuestión nun Grupo de Traballo onde están presentes os responsables dos ministerios.

Dásemos de palabra a información dos procesos das ofertas que están rematada, pedímolos por escrito así como as dos procesos de estabilización.

Cambio de Réxime Xurídico.

Como CIG manifestamos que non se esta a xestionar coa axilidade necesaria o proceso do 4G, ademais de estar dando información sobre a sede do exame que desmotiva a participación neste proceso, tamén solicitamos que nos contesten a proposta feita pola CIG sobre os gastos que ocasiona o desprazamento a Madrid para facer o exame.

Xubilación Parcial.

Ante a situación en algún ministerio que ten parados as xestións das solicitudes das e dos traballadores, seguimos insistindo en que se debe de reunir o Grupo de Traballo e ten que ser antes da próxima reunión da Permanente de Abril.

Preguntamos que cal era o motivo da falta de autorización para os cupos do ano 2024, segundo nos dín a falta de un necesario informe favorable de Costes que esta a punto de ser trasladado desde o Departamento.

Concurso de Traslados.

Informa a subdirección que é imposible incluír postos do Grupo EO nos concursos de traslados antes de sacar as prazas ao proceso selectivo de turno libre da oferta de emprego, dado que os pillou o tren porque en xuño estes procesos teñen que estar publicados.

Como CIG manifestamos que levamos máis de un ano pedindo que cumpran co convenio con estes postos de traballo, para que non se manteña este agravio entre os que entraron a ocupar as prazas no turno libre de discapacidade intelectual no III Convenio Único (G5 ordenanzas) cos que están entrando neste mesmo turno libre nos procesos selectivos do IV CUAGE (E0)

Noutros asuntos:

a CIG solicitou incluír neste punto tratar sobre un punto que solicitamos se incluíra na orde do día, pero que non foi aceptado pola Presidencia, sobre a interpretación Art. 62 IV CUAGE, que foi tratado na anterior COPA onde nos leron un informe o cal incluíron na acta, polo que agora queremos dar contestación por non estar conformes, pasamos a leer a nosa contestación e solicitamos a súa inclusión na acta da reunión.